

RESOLUCIÓN REITORAL DO 22 DE XUÑO DE 2016 SOBRE AS OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN NOS PLANS DE ESTUDO DE GRAO EN EXTINCIÓN

O Real Decreto 43/2015, de 2 de febreiro, establece na *Disposición transitoria única. Extinción ou modificación de graos de 240 créditos* que “As universidades, sen prexuízo das normas de permanencia que sexan de aplicación, garantirán a organización de ao menos catro convocatorias de exame nos dous cursos académicos seguintes á data na que se producira a extinción do título de grao (...)”

Na Universidade de Vigo, os plans de estudo correspondentes a títulos oficiais, extinguiranse temporalmente curso por curso. Co fin de regular as oportunidades de avaliación para o alumnado matriculado en plans de estudo de grao en extinción, esta Reitoría,

RESOLVE:

1. Cando un plan de estudos de Grao se extinga por mor da extinción da titulación de Grao, o alumnado terá dereito a **seis oportunidades de avaliación** das materias de cada curso **nos tres cursos académicos** seguintes á súa extinción.
2. Cando un plan de estudos de Grao se extinga por mor da verificación dun novo título de Grao que o substitúa, o alumnado terá dereito a **seis oportunidades de avaliación** das materias de cada curso **nos tres cursos académicos** seguintes á súa extinción.
3. Cando un plan de estudos de Grao se extinga como consecuencia da implantación dun novo plano de estudos por mor da modificación da memoria de verificación do dito grao, o alumnado terá dereito a **catro oportunidades de avaliación** das materias de cada curso **nos dous cursos académicos** seguintes á súa extinción.
4. Cando un plan de estudos dun curso de adaptación ao grao (curso ponte) se extinga ou deixe de ofertarse durante un ou varios cursos académicos, o alumnado terá dereito a **catro oportunidades de avaliación** das materias de cada curso **nos dous cursos académicos** seguintes á súa extinción.
5. Como queira que os seguintes plans de estudo de grao comenzaron a extinguirse no curso 2014/15 por mor da modificación das memorias de verificación, o alumnado que teña materias pendentes do 1º curso deste plans de estudo de Grao terá, **excepcionalmente no curso 16/17, dúas oportunidades de avaliación:**

- G250V01 Grao en Xeografía e Historia
- G080V01 Grao en Dereito
- G090V01 Grao en Dirección e Xestión Pública

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salda Nº. 201600010155
22/06/16 10:14:49

Para as materias dos demais cursos (1º, 2º e 3º) terán dereito a **catro oportunidades de avaliación** das materias de cada curso **nos dous cursos académicos** seguintes á súa extinción.

6. A guía docente das materias en extinción será a guía do último curso no que a dita materia tivo docencia no referido a competencias, resultados de aprendizaxe, bibliografía e contidos. Desta guía, quedan sen efecto os apartados de planificación docente (xa que o alumnado non ten dereito a docencia), avaliación e metodoloxía docente (xa que o alumnado non ten dereito a avaliación continua).

7. O departamento encargado de materias de plans de estudo en extinción, debe designar ao profesorado que coordinará estas materias. Se o dito profesorado o considera oportuno, pode permitir ao alumnado asistir a clase nas materias do plan novo pero deben examinarse no plan de estudos no que estean matriculados.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados desde o seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así e todo, os/as interesados/as poderán optar por interpoñer contra esta resolución, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes mencionado, mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Vigo, 22 de xuño de 2016

O Reitor,

Por delegación 07/05/2014

A Vice-reitora de Organización Académica e Profesorado



Ana M^a Graña Rodríguez